

Autobiografía novelada

Unha ollada persoal e interesante

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Instalado no desencanto da velez, "terra deshabitada de ilusións", Carlos Mella (A Estrada, 1930) acode á súa memoria para recuperar esta escolma de "pretendidas historias, todas elas banaais en si mesmas, pero que conforman o que adoitamos chamar unha vida ou un destino", e componse, a partir delas, unha autobiografía novelada que, como suxire o título, se afasta de exaltacións heroicas e, ben ao contrario, insiste na futilidade da existencia e na inanidade de quen pretende transformar a vaidade propia en epopea. Afonda o autor na metáfora da vida coma un teatro, onde a inmensa maioría dos personaxes - anónimos, continxentes- aparecen e desaparecen sen deixar pegada e son substituídos por outros -igualmente intercambiables- tan pronto como abandonan a escea; un lugar onde os actores non importan e onde as "peripécias persoais" unicamente resultan importantes segundo o ambiente no que se insiren,

é dicir, dentro das circunstancias colectivas das que forman parte. Iso é o único que, á fin, lles outorga sentido e transcendencia, interpretación e significado; porque, ás veces, a historia compréndese mellor

resumida nuns versos, nun olor, na dignidade dunha camisa branca.

Así, as vivencias do narrador, peneiradas polo paso do tempo e contadas con amenidade, serven de chave para a descrición e as reflexións sobre o momento político e social que as arrodea: os recordos da infancia -a familia, a escola, a aldeia- reflicten os anos da Guerra Civil e a primeira posguerra -as miradas de esguello, os rituais baleiros, o comezo desa "normalidade submisas" que toldaría o país por tanto tempo; despois, a adolescencia no internado dos xesuítas -a relixión represora do terror do "pus e a purulencia"-; o ano en Deusto -espartar á conciencia de galeguidade, contraste da

identidade entre vascos e galegos; Santiago -provincianismo, caciquismo e mediocridade nas aulas e na vila;- logo, a oposición gañada, Madrid, París -constatación de que un mundo diferente era posible-, o regreso a España, a morte de Franco, a transición, a entrada na política autonómica (lembramos que, entre outros cargos, Mella foi vicepresidente da Xunta con Albor, parlamentario de Coalición Galega e candidato do BNG ao parlamento europeo)... ata chegar, finalmente, ao presente, marcado polo desapego de quen xa non se reconece nos espellos e se observa de lonxe cunha ollada desapaixonada, crítica e, ás veces, algo lúgubre a pesar dos relampos de ironía. Unha ollada, en calquera caso, persoal e interesante.

Estas memorias supoñen unha testemuña de primeira man sobre o "ambiente" da historia recente, ao tempo que poñen de manifesto, unha vez máis, a postura do autor fronte aos estereotipos sobre Galicia, o desleixo histórico dos seus dirixentes ou o nacionalismo, temas recorrentes na súa obra.

MELLA, Carlos, *Memorias dun ninguén*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP:14 €

